

03

Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes (ed.), *Elsinor no Finis Terrae. Estudos transversais sobre o teatro galego*, Oxford / New York, Peter Lang, 2022, 507 páxinas.

Iolanda Ogando
Universidad de Extremadura

Orcid 0000-0001-7895-454X. iolanda@unex.es. Universidad de Extremadura. España.

Da man da coñecida editora Peter Lang apareceu en 2022 este amplo e moi valioso volume onde se compila un importante conxunto de estudos diversos sobre múltiples facetas da literatura dramática e da escena galega. Resulta moi interesante notar que a publicación xorde no ámbito do traballo desenvolvido ao abeiro do arquivo teatral Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña e do grupo ILLA, onde se insire a investigación de Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes, un dos máis importantes nomes no eido dos estudos teatrais. Non é por acaso que esteamos a falar do pólo universitario máis relevante na Galiza en termos de pesquisa e publicación sobre teatro e, máis especificamente, do legado feito por Laura Tato Fontaíña, senlleira historiadora do teatro galego.

Tras un arduo esforzo, non só de edición, senón tamén do convite e organización de contributos, Carlos Biscainho reúne traballos de diversa índole, de xeito que fican estruturados en 7 seccións, de límites porosos e con diferente entidade, que percorren puntos relevantes da investigación sobre o teatro na Galiza: desde estudos sobre historiografía dramática, espazo no que podería incluírse o único estudo sobre o papel das mulleres no teatro galego; a traballos sobre edición e tradución ou sobre dramaturxia e posta en escena, pasando pola edición/recuperación de textos descoñecidos ou practicamente esquecidos, as relacións interxenéricas e intersistémicas ou a educación teatral.

Esta diversidade xa non só temática, senón mesmo disciplinar débese, en grande parte, á capacidade do editor de convocar as olladas de 17 investigadores e investigadoras procedentes de institucións diversas –unha parte significativa ligados á área de Filoloxías Galega e Portuguesa da UDC e mais ao grupo ILLA– e, nomeadamente, especialistas en diferentes áreas dos estudos galegos e portugueses –aínda que, claro está, a maioría sexan estudosos, algúns de longa data, sobre o teatro galego.

O resultado desta compilación é, como dicíamos no inicio, un importante volume non só pola súa extensión, senón polas significativas novidades que contén. Entre elas, resultan moi salientables as presentes na sección “Recuperación de textos inéditos de autores canonizados”.

Comeza a sección coa presentación dun bosquejo teatral titulado *María de Lebosende*, proxectado por Eduardo Pondal como resposta ao chamamento da Escola Rexional de Declamación para a produción de textos dramáticos no comezo do século XX. Este breve cadro dramático, un fito na historia do teatro galego pola relevancia da figura autoral, foi composto en verso e sae á luz da man do grande especialista na figura pondaliana, Manuel Ferreiro, quen anuncia a próxima publicación do texto na colección do Arquivo Pillado. Asimesmo, ten un grande interese para a historia da literatura dramática e do teatro galego en xeral, porque ademais de completar a nosa visión do sistema teatral no período referido, céntrase no tema da emigración, non desde o punto de vista do retornado –o máis habitual– senón dunha muller que está efectivamente emigrada.

Tamén Pilar García Negro recupera unha obra inédita de Manuel María, titulada *Ó nacer do día*, que vén sumarse ao longo conxunto de pezas do escritor lugués que a investigadora da UDC recompilara en 2018. O texto, transcrito coa reprodución literal do orixinal mecanografado que conservaba o poeta Lois Diéguez, non só aprofunda a “cartografía teatral” do autor –como ben sinala García Negro– senón que tamén reafirma a súa relevancia na historia do teatro galego.

Da man de Teresa López veñen á luz dous textos de Daniel Cortezón, figura ben coñecida pola súa ligazón constante á creación dramática, aínda que normalmente asociado ao teatro histórico. Como apunta a investigadora da UDC, a relevancia das dúas obras, tituladas *O cego* e *O renarte Ciprián* e escritas en datas moi próximas (1959 e 1960, respectivamente), amosan vías de creación infrecuentes no teatro de Cortezón, sexa polo carácter vangardista da primeira, sexa pola perspectiva satírica arredor dalgunhas figuras e acontecementos da vida cultural da década de 1950. Neste sentido, Teresa López fai un rigoroso traballo de investigación e descrición do contexto subxacente a este texto dramático.

Próxima a esta perspectiva de recuperación de literatura está a sección sobre “Historiografía dramática”, que se inicia cunha exhaustiva revisión feita por Henrique Rabuñal dos estudos sobre teatro galego entre os anos 1978 e 2020. Este panorama percorre as investigacións teatrais no período democrático, desde o labor dos pioneiros Manuel Lourenzo e Francisco Pillado Mayor até aos estudos xerados ao abeiro da Escola Superior de Arte Dramática ou outros ámbitos da profesión teatral, pasando obrigatoriamente polos estudos académicos. O longo percorrido sérvelle a este investigador para apuntar ao proceso de canonización desenvolvido nas últimas décadas grazas ao protagonismo do teatro dentro da cultura, pero tamén lle permite visibilizar problemas que aínda persisten.

Por súa vez, Inmaculada López Silva fai unha proposta de renovación dentro da historiografía galega entre 1978 e 2005, tentado analizar o sistema desde a plataforma fornecida por unha historia de medio século de actividades e transformación, aínda que consciente de que a pervivencia de boa parte das dinámicas e dos artífices do proceso iniciado nesa época, convivindo cos e coas protagonistas dun evidente relevo xeracional, dificulta a posibilidade de dar por pechados certos ciclos. Quer se consolide a proposta periodolóxica, quer non, o que resulta indubidable é o esforzo inconformista desta investigadora e profesora da ESAD para continuar a avaliar lugares comúns e ideas asentadas e complementar a historia do teatro galego con novas perspectivas.

No único artigo que compón a cuarta sección, sobre as “Mulleres no teatro galego”, Roberto Pascual, tamén profesor e investigador ligado á ESAD, contribúe cunha moi interesante achega sobre o teatro de mulleres nos primeiros anos do período democrático na Galiza, centrándose no labor de Teatro do Malbarate –con especial atención ao traballo da directora portuguesa Fernanda Lapa e de Marisa Soto–, ben como no doutra figura histórica, Dorotea Bárcena, de quen reivindicamos unha obra tan relevante como normalmente esquecida nos estudos sobre literatura dramática.

A seguinte sección dedícase a “Investigacións sobre dramaturxia e posta en escena” e reúne tres traballos ben diversos: o primeiro, de Emilio Xosé Ínsua, estuda pormenorizadamente o contexto de creación de *Amor-y Eleucíos*, texto dramático da autoría de Manuel Casado Nieto. Leticia Eirín emprega a súa especialización na literatura medieval para analizar a presenza da materia de Bretaña na obra de dous autores/dramaturgos/directores centrais do canon: Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño. Por último, cunha proposta innovadora, Luís Miguel Antelo Lema analiza a banda sonora dos espectáculos do sistema teatral galego, centrándose principalmente na lingua presente nas composicións musicais. Antelo Lema trae un conxunto de seis perfís dependendo da relación establecida coa lingua e chega a conclusións que, non por esperables –pois demostran que a órbita lingüística e cultural na que se moven os grupos corresponde maioritariamente coa súa proximidade á lingua tamén na música–, son menos importantes. Así, esta análise das prácticas das compañías contribúe con máis datos para trazar o panorama do teatro galego contemporáneo.

A quinta parte do libro céntrase na “Edición e tradución” e componse de tres traballos. No ámbito da edición contamos coa achega de Carme Fernández Pérez-Sanjulián, que estuda en profundidade a colección Teatro Galego da editorial Pico Sacro. A investigadora da UDC analiza a xénese e características do proxecto editorial, incluíndo o deseño e aspecto formal dos libros, así como os criterios utilizados para a selección das obras. Por último, tras achegar información sobre a súa difusión e recepción, avalía o seu impacto e significado na historia do teatro galego do século XX pois, como demostra, o seu catálogo, aínda que breve, consegue reunir os nomes de Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal e Roberto Vidal Bolaño con tres obras centrais na década de 1970, razón pola que pasaría pola man de innúmeros lectores e lectoras de teatro nas décadas seguintes.

Na área da tradución insírese o texto de Elisa Serra Porteiro, especialista na presenza da literatura dramática irlandesa na Galiza que, na liña do seu libro *Performing Irishness*, avanza na construción do “mapa do teatro irlandés en Galicia” non só a nivel literario, senón tamén dramatúrxico, coa análise dos libretos de dúas obras

moi relevantes na historia da creación espectacular das últimas décadas do século XX: *O mozo que chegou de lonxe*, responsabilidade de Alberto Avendaño para o Centro Dramático Galego (1988), e mais *A voda dos moirantes*, co que traballou Xepe Casanova para a Compañía de Marías en 1996. Así, a investigadora do University College of Cork volve demostrar a importancia da tradución en termos de referentes identitarios e, alén diso, a necesidade de ligar estudos literarios e estudos escénicos para dar conta das múltiples capas que compoñen o mundo do teatro.

Falamos da variedade de perspectivas reunidas no volume e, sen dúbida, o seguinte traballo, da autoría de Roberto Samartim é unha proba. Este investigador da UDC parte dos resultados cuantitativos obtidos a partir da base de datos Projeto Livro Galego para realizar unha análise sistémica da literatura dramática traducida no campo editorial galego entre 1978 e 2008. Con elucidativos gráficos que nos permiten albiscar a evolución neste terreo, o traballo de Samartim retrata un sistema con virtudes e eivas que reflicten as condicións de maior ou menor precariedade e interese por parte dos axentes do sistema cultural galego.

Os trillos de investigación cruzados continúan na seguinte sección, “Relacións interxenéricas e intersistémicas”, grazas ás catro achegas compiladas sob esa epígrafe.

A primeira delas é da autoría do mesmo editor, Carlos Biscainho-Fernandes, quen realiza un estudo sobre os imatotipos do galego no teatro popular portugués desde 1755 aos comezos do século XX. Este estudoso avanza así sobre investigacións previas arredor da lingua ou imaxes da Galiza no teatro portugués, coa recompilación dun corpus de 58 textos de diversos xéneros publicados entre os anos 1761 e 1904. O significativo número de pezas estudadas permítelle establecer interesantes conclusións, non só sobre os estereotipos, senón tamén sobre a relevancia da presenza galega na sociedade portuguesa dese período.

No terreo das relacións interxenéricas aparecen os seguintes tres traballos. Así, Maria Filipowicz-Rudek investiga sobre a teatralidade na prosa de *Xente de aquí e acolá*, teatralidade que fundamenta no concepto *theatricality* –entendida como unha condición inherente á vida social– e nos trazos da oralidade da obra cunqueiriana, aspecto que analiza en profundidade a través das características e dificultades da tradución do texto a linguas coma o castelán, o inglés e o polaco.

Isaac Lourido investiga as relacións entre poesía e teatro en Alfonso Pexegueiro, recoñecido poeta que, como indica o investigador da UDC, ten experimentado un proceso de periferización no sistema literario, tanto a nivel da creación poética coma da creación dramática. Lourido afonda nas relacións entre a linguaxe poética e a linguaxe dramática recoñecibles na obra de Pexegueiro, ofrecendo un retrato máis completo da súa obra.

Nesa perspectiva interxenérica, Euloxio R. Ruibal une as dúas áreas nas que adoita traballar, teatro e cinema, para investigar nos usos e funcións da máscara dentro da filmografía de Stanley Kubrick, elemento tan importante na linguaxe teatral coma relevante na construción de significados –fundamentalmente de mudanza e ocultamento– da obra do director neoirquino.

Fecha o volume outra sección composta por unha única achega, desta vez centrada na “Educación Teatral”. En efecto, o que foi o primeiro director da ESAD e continúa a ser o grande especialista na investigación sobre a formación dramática, Manuel F. Vieites, bosquexa a evolución das perspectivas, logros e arelas no eido da pedagogía teatral desde a Escola Rexional de Declamación até a actualidade. Este longo percorrido permítelle observar algunhas constantes coma a preocupación pola formación nun sistema en proceso de constitución, tanto a nivel literario coma escénico, e sobre todo, proporciñalle o fundamento para propor un conxunto de liñas e medidas para recuperar, conservar e dar conta de todas as experiencias de formación teatral.

Co carácter enumerativo da nosa recensión queremos salientar todas e cada unha das valiosas achegas, sexa pola súa novidade, sexa polo afondamento que realizan sobre determinados temas. Trátase, así pois, dun volume de incontestable relevancia para os estudos sobre o teatro, que vén renovar ou consolidar perspectivas e teorías cun conxunto de achegas que, sen dúbida, continuarán a ser citadas e consultadas nos vindeiros anos.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
María Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ángela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
María Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Franza) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda